





UNIVERSIDADE  
DE VIGO



Rector:

Por Resolución Rectoral de data 11 de novembro de 1992 estableceuse o Rexistro Xeral da Universidade na rúa Oporto nº 1 de Vigo, e creáronse en cada un dos campus de Ourense e Pontevedra un Rexistro Xeral Delegado.

A Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, contempla a informatización dos rexistros xerais e a súa integración informática cos demais rexistros administrativos e, así mesmo, a posibilidade de crear rexistros auxiliares do rexistro xeral, ó que terán que comunicarlle toda anotación que efectúen.

Considerando a necesidade expresada polo conxunto da comunidade universitaria, no sentido de prestar o servizo onde este é necesario, e pendentes dunha posterior regulación xeral dos rexistros universitarios e a súa adecuación á Lei 30/1992, é polo que este Rectorado acorda dicta-la seguinte

### RESOLUCIÓN

1. Crear, con data 2 de novembro de 1998, un rexistro auxiliar do rexistro xeral no edificio de Fundación, Lagoas-Marcosende s/n, campus de Vigo, cos efectos que se preven no artigo 38.2 da Lei 30/1992, e na Resolución do 11 de novembro de 1992 para os rexistros de Ourense e Pontevedra.
2. O rexistro permanecerá aberto ó público en horario de 9 a 14 horas en días hábiles e, conforme ó acordo da Xunta de Goberno do día 22 de febreiro de 1996, pechará os sábados.

De forma xeral, se o último día dun prazo coincide con sábado ou día inhábil entenderase prorrogado ó primeiro día hábil seguinte segundo o artigo 48.3 da Lei 30/1992.

3. Diferenciar os rexistros das facultades, escolas, institutos e departamentos que non teñen a consideración de rexistros auxiliares e que só poderán tramitar os documentos que se delimiten ó ámbito das súas competencias.



Vigo, 27 de outubro de 1998  
O RECTOR

Domingo Docampo Amoedo

A TÓDALA COMUNIDADE UNIVERSITARIA.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

O artigo 48 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, de 26 de novembro, modificada pola lei 4/99 de 13 de xaneiro, dispón que cando o última día dun prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Na Universidade de Vigo a Xunta de Goberno aprobou en data 22 de febreiro de 1996 a supresión dos sábados como día de Rexistro na universidade, polo que todas as convocatorias desta nas que o prazo de presentación de documentos finaliza un sábado pasa ao día seguinte hábil.

Tendo en conta que tanto os sábados como outros días que son inhábiles na universidade permanecen pechados os centros así como o rexistro xeral, esta Reitoría acorda ditar a seguinte

### RESOLUCIÓN

En todas as convocatorias da Universidade de Vigo deberá facerse constar que *se o último día do prazo coincide con sábado ou día inhábil na universidade, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte segundo o artigo 48 da lei 30/92.*



Vigo, 16 de novembro de 2005  
O REITOR

Domingo Dacampo Amoedo

- Excmos. Sres. Vicerreitores
- Ilma. Secretaria Xeral
- Ilmo. Sr. Xerente
- Ilmos. Sres. Decanos e Directores de Centros e Departamentos
- Sres. Directores de Área e Servizos
- Sres. Xefes de Servizo
- Sres. Administradores de Centros e Campus
- Sra. Xefa do Negociado de Información